



# XOVES

## I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O vindeiro **22 de xaneiro** pecha o prazo para presentar solicitudes á convocatoria de axudas do **Programa Conecta Peme**, que apoia a realización de proxectos de Investigación e Innovación orientados ao mercado, desenvolvidos por agrupacións de empresas en cooperación con outros axentes do Sistema Galego de Innovación e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 de Galicia.

Nesta terceira edición, o programa conta cunha dotación orzamentaria de **25 millóns de euros**, para financiar arredor de 50 proxectos en catro modalidades: investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia organizativa e innovación en procesos.

Xa está dispoñible na páxina web da Axencia Galega de Innovación (GAIN) o **texto consolidado**, incluíndo as modificacións da corrección de erros publicada o 4 de xaneiro no DOG.

Asemade, co obxectivo de resolver posibles dúbidas sobre a convocatoria, a Axencia Galega de Innovación (GAIN) realizará un **último taller de traballo**, que se celebrará en Santiago de Compostela, o próximo día **14 de xaneiro** na sede da Axencia na rúa Airas Nunes, s/n, Conxo. Podes obter máis información sobre o taller neste **enlace**, no enderezo electrónico **servizos.gain@xunta.es** e nos teléfonos **981957008 / 981957393**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).